

Cofinanciado por
la Unión Europea**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE PRAZAS EN PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS NO MARCO DOS CONVENIOS PROPIOS E CONVENIOS ERASMUS KA131 ASINADOS ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS PARA O CURSO 2026-2027**

A Universidade de Vigo co fin de conseguir un maior nivel de internacionalización ten como finalidade, entre outros obxectivos, a promoción das mobilidade dentro e fóra de Europa, sempre cunha perspectiva sostible e inclusiva.

A Universidade de Vigo asinou acordos de colaboración, convenios propios e Erasmus+ KA131, con institucións de ensino superior de países extracomunitarios que permiten a estudantes de grao e de mestrado universitario oficiais da Universidade de Vigo cursar estudos que serán recoñecidos mediante a elaboración dun contrato de estudos.

Esta convocatoria ten como finalidade a asignación de prazas de mobilidade internacional, sen incluír directamente a concesión de bolsas económicas. No caso de que algunha das posibles entidades financiadoras (SEPIE Xunta de Galicia, Deputacións de Pontevedra e Ourense, Banco de Santander) esixa unha convocatoria específica para a concesión de axudas, esta será publicada posteriormente e estará dirixida exclusivamente ao estudantado que obteña praza nesta convocatoria. Se non se require esa convocatoria específica, o feito de presentar a solicitude nesta convocatoria dá dereito automático ao estudantado a participar no proceso de adjudicación das axudas económicas que poidan convocarse, sen necesidade de realizar unha nova solicitude. As contías das bolsas, se as houbera, serán establecidas mediante resolucións reitorais segundo o tipo de financiamento concedido. Para financiar as estadias Erasmus+ KA131 de mobilidade de estudantes con fins de estudos (SMS) para o curso 2026-2027 que se publican nesta convocatoria, a Universidade de Vigo asinou un convenio de subvención co SEPIE no cadro do proxecto 2025-1-ES01-KA131-HED-000327585¹. De ser necesario, poderase considerar o financiamento que a Universidade de Vigo reciba tras a solicitude e aprobación do proxecto que se presentará perante o SEPIE na convocatoria Erasmus+ KA131 do 2026.

En virtude dos convenios asinados, do [Regulamento de mobilidade internacional](#) da Universidade de Vigo e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, as prazas destinadas a estudantes da Universidade de Vigo que desexen cursar estudos durante o curso académico 2026-2027 nas institucións de ensino superior que se relacionan no anexo III, que se publica xunto a esta convocatoria.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e os anexos, bases reguladoras ([anexo I](#)), información sobre as axudas económicas ([anexo II](#)), requisitos específicos dos centros das Universidade de Vigo ([anexo III](#)), listaxe de prazas ofertadas ([anexo IV](#)) e proposta de estudos

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR - HUMAN RESOURCES

([anexo V](#)) que a regulan no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.

3. A este procedemento aplicaráselle a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, debido aos prazos establecidos de nominación por parte das universidades socias.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xullo).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación, R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño





ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS EN PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS

CURSO 2026-2027

1. OBXECTO

Ofrecer ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado en programas oficiais de grao e mestrado universitario, a posibilidade de cursar estudos nalgunha das universidades coas que a Universidade de Vigo asinou un convenio de intercambio de estudantes en países extracomunitarios.

2. REQUISITOS

2.1. Requisitos xerais das persoas participantes

- Estar matriculado/a no curso académico 2025-2026 nalgunha das titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que se ofertan na Universidade de Vigo ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro). No caso de estudos de mestrado universitario oficiais, deberán ser titulacións de máis de 60 créditos.
- O estudiantado **deberá estar matriculado** na Universidade de Vigo no curso académico 2026-2027 **nos estudos oficiais para os que presentou a solicitude**.
- No caso de ter realizado anteriormente estadias Erasmus+, a suma de todas elas non poderá superar os 12 meses en total en cada ciclo de estudos, grao ou mestrado universitario. Neste cómputo inclúense tanto as bolsas Erasmus+ para estudos como as de prácticas e as realizadas nun ciclo superior de Formación Profesional ou noutra institución de ensino superior no mesmo nivel de estudos. **Non poderán financiarse estadias inferiores a dous meses**.
- As estadias poderán realizarse entre o **1 de xullo de 2026 e o 31 de xullo de 2027**.
- Atendendo ao [Regulamento de mobilidade internacional](#) da Universidade de Vigo, recoméndase a inclusión de 30 créditos ECTS por cuadrimestre e 60 créditos ECTS por estadia anual no contrato de estudos. Os créditos cursados a maiores dos que serán recoñecidos por materias da Universidade de Vigo aparecerán igualmente no Suplemento Europeo ao Título (SET). En todo caso, o número de créditos que se incluirá no contrato de estudos será dun mínimo de 36 créditos ECTS para mobilidades anuais e de 18 créditos ECTS para mobilidades cuadrimestrais. Poderanse incluír menos créditos:
 - a. Se a normativa da universidade de destino impide una matrícula de mais créditos ECTS.
 - b. Se a normativa do centro da Universidade de Vigo o permite.
 - c. Se o estudiantado ten unha discapacidade recoñecida de máis do 65%.
 - d. Se o estudiantado ten necesidades de apoio educativo adscrito ao programa PIUNE, previo informe favorable da Comisión Técnica de Atención á Diversidade (COATEN).
- O estudiantado matriculado en PCEO rexerese pola normativa do centro responsable dos programas de intercambio da titulación.
- Todo o estudiantado deberá cumprir os requisitos do seu centro de orixe (ver [anexo III](#)).



Cofinanciado por
la Unión Europea

2.2. Requisitos específicos das prazas

Os requisitos específicos para cada unha das prazas aparecen detallados na relación de prazas do [anexo IV](#). **O estudiantado ten a obriga de consultalos e comprobar nas páxinas web das universidades de destino os requisitos académicos e lingüísticos para o estudiantado entrante.**

2.3. Requisitos lingüísticos

3. Será responsabilidade do estudiantado comprobar e cumprir cos requisitos lingüísticos da universidade de destino.

3. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A Universidade de Vigo publicará resolucións de concesión de axudas ao estudiantado seleccionado.

A información sobre as resolucións de concesión de bolsas Erasmus+, bolsas propias da Universidade de Vigo e outras axudas complementarias detállase na [anexo II](#) desta resolución.

4. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

4.1. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:

- Acceder ao [Portal de mobilidades saíntes](#) e identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.
- Unha vez dentro do Portal, cumprimentar no apartado «procedementos abertos» o formulario correspondente á **Solicitud de prazas en países extracomunitarios 2026-27**, achegar a documentación requirida e enviarlo.

Só se poderá presentar unha solicitude por estudante polo que non se deberá premer o botón de enviar ata revisar os datos e asegurarse de que a elección e a orde de prelación dos destinos é a correcta.

4.2. Documentación

No apartado “documentos requiridos” do formulario de solicitude poderá achegar a seguinte documentación:

- a) **Proposta de estudos** ([anexo V](#)): Deberá presentar **unha proposta asinada por cada un dos destinos solicitados** asinada pola persoa solicitante e pola persoa responsable de relacións internacionais do seu centro.

Os datos das persoas responsables pódense consultar na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/responsables-mobilidade>

- b) **Certificacións oficiais de coñecemento de idiomas estranxeiros** esixidos na normativa do centro de orixe e/ou pola universidade de destino.

O estudiantado deberá acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións:

- Certificacións oficiais recoñecidas pola [Asociación de Centros de Linguas en la Enseñanza Superior](#) (ACLES) e as das Mesas Lingüísticas da CRUE na súa última actualización (<https://proyectos.crue.org/acreditacion/>).
- **Certificación de recoñecemento do nivel de lingua estranxeira segundo o MCERL**: O estudiantado das facultades de Filoloxía e Tradución, Relacións Internacionais e Ciencias Empresariais e Turismo, poderá achegar certificación emitida pola área de



Cofinanciado por
la Unión Europea

estudos correspondente, para os únicos efectos de solicitude dunha praza nesta convocatoria, que recolla o nome e apelidos, titulación e nivel acadado na lingua estranxeira en cuestión. No caso de presentar este certificado, é responsabilidade do estudantado comprobar que é válido para a universidade de destino.

Quedan eximidos de acreditar o nivel de idioma:

- As persoas graduadas ou licenciadas de titulacións nas que a lingua de instrución, polo menos do 50 % das materias cursadas, coincida co idioma de estudo no centro de destino.
- O estudantado que aprobou un curso equivalente a cuarto da ESO ou superior en sistemas educativos do idioma de estudo no centro de destino.

Non se aceptarán certificados de lingua castelá ou galega.

Deberá terse en conta que os requisitos de idioma detallados neste apartado b) son os esixidos pola Universidade de Vigo para a participación nesta convocatoria. As institucións de destino poden esixir requisitos diferentes ou adicionais e será responsabilidade do estudantado comprobar e cumprir cos requisitos de idioma esixidos pola universidade de destino. Se o estudantado non cumpre cos requisitos da universidade de destino é posible que non sexa aceptado.

- c) No caso do estudantado que gozase con anterioridade dunha bolsa Erasmus+ durante o mesmo nivel de estudos (grao ou mestrado) nun centro de Formación Profesional ou noutra institución de ensino superior deberá entregar un **certificado de mobilidade** no que se indique o número exacto de meses e días de estada realizados.
- d) **Acreditación da condición de estudantado con menos oportunidades, segundo o establecido no [anexo II](#) desta convocatoria.**

Poderá requirirse ás persoas solicitantes a documentación adicional que se precise para a correcta avaliación dos méritos alegados.

4.3. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria e rematará ás 23:59 hora peninsular española do **9 de decembro de 2025**.

5. REVISIÓN DE SOLICITUDES, SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas, publicarase a **resolución coa listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas** coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación da resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á ORI.

Este prazo é só para emendar as causas de exclusión das solicitudes.



Cofinanciado por
la Unión Europea

Unha vez finalizado o prazo para presentar alegacións e unha vez revisadas, publicarase a resolución coa listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

A continuación, a comisión de avaliación efectuará o procedemento de selección. Esta comisión estará composta por:

Presidenta: Amelia Rodríguez Piña, directora técnica da ORI
Secretaria: Ana María Pérez López, xefa de área da ORI
Vogal: Amparo Otero Alonso, xefa de negociado da ORI
Suplente: Patricia González Piñeiro, secretaria do equipo de goberno

A selección realizarase baseándose na media ponderada do expediente do estudantado a 30 de setembro de 2025.

Publicarase unha resolución coa relación provisoria do estudantado seleccionado e abrirase un período de reclamacións de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte desta publicación. Estas reclamacións presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á ORI.

Revisadas as reclamacións, publicarase a resolución definitiva de prazas concedidas, denegadas coa causa da exclusión e listaxe de agarda se procede.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Todas as resolucións ás que se refire este punto 5 publicaranse no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#), no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo e na ligazón <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudiantes-saintes>.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias co estudantado mediante o correo electrónico do dominio @uvigo.gal sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

6. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán **ACEPTAR** a concesión da praza no [Portal de mobilidades saintes](#) no prazo de **10 días hábiles** tras o envío da comunicación da adxudicación da praza.

De non realizar esta aceptación dentro do prazo establecido, entenderase que **renuncian á praza concedida**.

O estudantado que se atope en **lista de agarda** e sexa seleccionado con posterioridade deberá aceptar a praza **nos 10 días hábiles seguintes á comunicación**, mediante o mesmo procedemento.

Toda **renuncia a unha praza previamente aceptada** deberá ser comunicada por escrito á ORI, mediante correo electrónico ao enderezo: outgoing.ori@uvigo.gal. Esta renuncia deberá estar **debidamente xustificada**.

O estudantado que **renuncie fóra de prazo e sen xustificación válida** será penalizado coa imposibilidade de participar en vindeiras convocatorias de mobilidade da ORI.

Así mesmo, o feito de **non presentar a documentación requirida antes do inicio da estadía** será considerado como unha **renuncia non xustificada**, e implicará a mesma penalización.



Cofinanciado por
la Unión Europea

7. OBRIGAS DO ESTUDANTADO ADXUDICATARIO DE PRAZAS

- Comprobar os requisitos específicos da universidade de destino e que a súa oferta académica se adecúa ao plano de estudos da Universidade de Vigo. Deberá prestarse especial atención aos requisitos lingüísticos que poidan requirirse para estudantado de mobilidade entrante na universidade de destino.
- Enviar ás universidades de destino os formularios de candidatura (*application form*) e toda a documentación requirida no prazo estipulado por estas institucións, tras a confirmación por parte da ORI ás universidades de destino dos datos do estudantado seleccionado (proceso de nominación). **A adxudicación da praza de mobilidade por parte da Universidade de Vigo non implica que a persoa seleccionada sexa aceptada automaticamente na institución de destino.**
- Matricularse na Universidade de Vigo durante o curso 2026-2027. O estudantado da Universidade de Vigo non terá que pagar matrícula na universidade de destino. Porén, algunhas universidades de acollida poderán solicitar o pagamento de determinadas taxas relacionadas coa organización de actividades, materiais ou outros servizos.

- **Documentación complementaria:**

O estudantado deberá enviar a documentación que se detalla a continuación nos prazos establecidos. A non presentación en prazo poderá ser causa de revogación da concesión da praza:

- **Antes de iniciar a estadía:**

Na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes, a través do Formulario de Seguimento habilitado:

- Copia dun **certificado de cobertura dun seguro de asistencia en viaxes** que o estudantado deberá contratar e que cubra o período completo de estadía, incluída a realización de exames e días de viaxe. O seguro deberá incluír, a lo menos, gastos médicos por enfermidade, accidente e hospitalización, responsabilidade civil e repatriación.
- Copia do **comprobante de ter pagado o seguro** de asistencia en viaxe.
- **Xustificante de ter realizada a proba do *Online Linguistic Support (OLS)*** No caso de ter concedida bolsa Erasmus+, o estudantado deberá realizar unha proba obrigatoria de nivel do idioma que empregará como idioma de estudo na universidade de destino. Os resultados non impedirán que poida realizar a estadía de mobilidade. En función do resultado obtido, poderá ter acceso a unha plataforma de aprendizaxe en liña antes ou durante o seu período de mobilidade. A información sobre estas probas pódese consultar na web da [EU Academy](#). A realización desta proba é obrigatoria pero non substitúe ó certificado de nivel de idioma que requira a universidade de destino.

O estudantado deberá enviar esta documentación:

- **Antes do 30 de xuño de 2026**, para estadías que comecen no primeiro cuadrimestre.
- **Antes do 30 de novembro de 2026**, para estadías que comecen no segundo cuadrimestre
- **Contrato de estudos (*Learning Agreement*)**: O contrato de estudos deberá ser elaborado polo estudantado e validado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro



Cofinanciado por
la Unión Europea

da Universidade de Vigo e pola institución de destino **antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2026/2027**.

As **modificacións** que sexan necesarias deberán realizarse **dentro do primeiro mes do cuadrimestre** na universidade de destino. No caso de que estas modificacións afecten á matrícula xa formalizada na Universidade de Vigo para o curso 2026/2027, o/a estudante será responsable de **comunicalas á secretaría do seu centro** unha vez que a modificación do contrato de estudos sexa aprobada polas tres partes (estudiante, universidade de destino e Universidade de Vigo).

A xestión dos contratos de estudos, unha vez creados, **non é competencia do persoal da ORI**, polo que calquera trámite relacionado co contrato de estudos deberá ser canalizado a través das persoas responsables de relacións internacionais dos centros.

Mediante o correo electrónico:

- **Convenio de subvención.**

A ORI remitirá o convenio de subvención ao estudantado por correo electrónico unha vez recibida toda a documentación anterior.

Unha vez recibido o convenio de subvención, o/a estudante deberá:

1. Revisalo con atención.
2. Asinalo mediante **sinatura electrónica** segundo o establecido no punto 8 desta convocatoria.
3. Remitilo de novo á ORI cunha antelación mínima de **15 días respecto da data de inicio da estadia**.

- Tramitar o seu **visado** e aboar os gastos, se é necesario, e asegurarse das condicións deste sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.

- **Tras o inicio da estadia:**

- O estudantado deberá presentar no Portal de mobilidades saíntes de MoveON, a través do Formulario de Seguimento habilitado o certificado de chegada (*Arrival Certificate*), cuberto e asinado pola institución de destino. O modelo estará publicado na páxina desta convocatoria no [Portal de bolsas](#).

IMPORTANTE: A data que figura no documento de chegada **non poderá ser anterior á que figura como data de comezo no convenio de subvención asinado polas partes** no caso de estudantado beneficiario de bolsa Erasmus.

- **Durante a estadia:**

- O estudantado deberá manter o contacto e estar localizable para a ORI como para a persoa responsable de relacións do seu centro e/ou titor/a, que se poderán contactar co estudantado en calquera momento da súa estadia.
- O estudantado deberá respectar as normas da institución de destino, como da residencia universitaria ou lugar de aloxamento elixido.
- **Ampliación da estadia:**
O estudantado que teña concedida unha mobilidade para o primeiro cuadrimestre poderá solicitar a ampliación da estadia para o curso completo unha vez iniciada a mobilidade, con data límite de solicitude o **15 de decembro de 2026**. Para formalizar esta solicitude, a persoa



Cofinanciado por
la Unión Europea

responsable de relacións internacionais do seu centro na Universidade de Vigo deberá comunicar á ORI autorización de prórroga, de acordo coa solicitude do estudantado e a autorización da universidade de destino. A ORI facilitará ao estudantado o formulario específico para a ampliación.

Unha vez concedida a ampliación, o/a estudante deberá xestionar os cambios no contrato de estudos coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro de orixe e comunicar os cambios á [secretaría de estudantado](#) correspondente.

Adicionalmente, o estudantado deberá tramitar coa aseguradora a ampliación do período de cobertura e achegar o comprobante actualizado desta ampliación a través da plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes.

- **Redución da estadía:** O estudantado deberá comunicar o seu desexo de reducir a súa estadía á universidade de destino e á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo, que o comunicará á ORI o máis axiña posible. O estudantado deberá modificar o contrato de estudos e comunicalo á secretaría de estudantado do centro de orixe. Neste caso, de percibir bolsa Erasmus, deberá reintegrar a parte proporcional da axuda que tivera recibida.
- **Ao finalizar a estadía:**
 - **Certificado de fin da estadía:** deberá presentar na ORI o documento orixinal, asinado e selado pola universidade de destino, sen emendas nin borróns. Admitirase o envío por correo electrónico se se recibe directamente da universidade de destino. Este certificado será o que acredite a realización efectiva da estadía e a súa duración. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.
 - **Certificación académica orixinal (*Transcript of Records-TOR*)** expedida pola universidade de destino: a persoa beneficiaria deberá solicitar na universidade de destino a certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada e presentarlle á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo que será responsable de facer os correspondentes recoñecementos. No caso de non obtela antes do regreso á Universidade de Vigo, deberá solicitar que a universidade de destino envíe a certificación directamente á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo. **É responsabilidade do estudantado conseguir esa certificación.**
 - Encher e enviar a **enquisa UE (EU Survey)** en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción da invitación que recibirá por correo electrónico, no caso de estudantado beneficiario de bolsa Erasmus+. A Universidade de Vigo poderá requirir o reembolso da axuda financeira concedida, ao estudantado que non cubra e envíe a enquisa UE en liña.

8. SINATURA DE DOCUMENTOS

Os documentos que precisen ser asinados polo estudantado nesta convocatoria deberá facerse dixitalmente co DNI electrónico ou co certificado de persoa física emitido pola *Fábrica Nacional de Moneda y Timbre*. Recoméndase consultar o [manual](#) para a obtención do certificado de persoa física. **En toda a documentación relacionada coa estadía, non se poden mesturar sinaturas dixitais con sinaturas manuscritas.**





Cofinanciado por
la Unión Europea



9. USO DO CORREO INSTITUCIONAL E CONTACTO COA ORI

O estudantado deberá utilizar sempre o correo do dominio @uvigo para dirixirse á ORI e seguir as normas de uso de correo electrónico que se publican canda esta convocatoria no [Portal de bolsas](#). O estudantado deberá dirixirse sempre a outgoing.ori@uvigo.gal para consultar calquera tema desta convocatoria ou comunicar calquera incidencia relacionada coa súa estada.

10. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada Lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

A información sobre a política de protección de datos está dispoñible no [Portal de bolsas](#).

12. NOME DOS ARQUIVOS PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

A continuación indícase a nomenclatura que se debe utilizar para presentar a documentación requirida.

Documentación para entregar coa solicitude:

Certificado de mobilidade nun ciclo de FP	certfp- apelido1-apelido2-nome/s
Certificado de idiomas	cid-apelido1-apelido2-nome/s-(indicar idioma)
Proposta de estudos (anexo V)	prop- apelido1-apelido2-nome/s

Documentación para entregar unHa vez seleccionado:

Proba OLS (só beneficiarios Erasmus)	ols- apelido1-apelido2-nome/s
Seguro de asistencia en viaxe	seg- apelido1-apelido2-nome/s
Xustificante de pago do seguro	xustseg- apelido1-apelido2-nome/s
Renuncia	re- apelido1-apelido2-nome/s

Documentación para entregar durante a estada:

Documento de chegada a destino	dll- apelido1-apelido2-nome/s
Documento de ampliación da estada	amp- apelido1-apelido2-nome/s





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



FECHA - DATE: 25/11/2025

Documentación para entregar ao final da estadía:

Certificado de fin de estadía	cefin- apellido1-apellido2-nome/s
-------------------------------	-----------------------------------

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. : GEN-7386-8624-b399-35fb-691b-8586-15ac-f93f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

